



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



CURSOS DE LINGUA GALEGA PREPARATORIOS DAS PROBAS PARA OBTEN OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA: CELGA 2, CELGA 3 E CELGA 4.

OBXECTO.

Convocar, con carácter gratuíto, cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega (Celga), niveis 2, 3 e 4, que se indican nos anexos I (cursos presenciais) e II (cursos en liña).

DESTINATARIOS

Persoas maiores de dezaseis anos ou aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen mellorar o seu coñecemento e dominio do galego e preparar as probas que a Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca periodicamente para certificar a competencia nesta lingua.

SOLICITUDES.

As persoas que desexen participar nestes cursos deberán acceder ao enderezo electrónico <https://formacion-lingua.xunta.gal>, seleccionar o curso que desexen e cubrir a solicitude de inscrición.

Cada persoa só poderá inscribirse nun único curso

As persoas solicitantes dun curso en liña, deberán dispoñer dun equipamento informático que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos técnicos:

- Un ordenador con conexión á internet (de banda larga).
- Un navegador web (recoméndase ter instalada a última versión de Firefox).
- Acceso á conta de correo electrónico especificada na solicitude de inscrición
- _Un micrófono ou calquera medio alternativo que permita a gravación de voz en formato electrónico (mp3 ou equivalente).

As persoas con necesidades educativas especiais que precisen apoio para realizar un curso presencial, indicarán na súa solicitude de inscrición o apoio concreto que necesitan, cuxa concesión será valorada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O prazo de presentación das solicitudes de inscrición será de 15 días hábiles.

DURACIÓN

Con carácter xeral, cada curso terá unha duración de 70 horas lectivas. Nos cursos presenciais, éstas distribuiranse en sesións de dúas horas e media, de luns a xoves. No caso de suspenderse algunha sesión por coincidir cunha festividade local ou por outra circunstancia, esta recuperarase ao longo do curso.

PAZO DE INSCRICIÓN: Dende o 13/02/2023 ata o 03/03/2023.

**PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO [981778169](tel:981778169).
(Lourdes).**